



ACTA DE ESTUDO DE DOCUMENTACIÓN APORTADA POLO CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA ACCESIBILIDADE UNIVERSAL EN EDIFICIOS PÚBLICOS, 1ª FASE. PAS 2015

Na Casa do Concello de Ames sendo as dez horas e dezasete minutos do día vinte e oito de marzo de dous mil dezasete, reúnese a Mesa de Contratación designada para a **CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA ACCESIBILIDADE UNIVERSAL EN EDIFICIOS PÚBLICOS, 1ª FASE. PAS 2015**

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de urbanismo, obras públicas e servizos básicos.

Vogais:

- Dona Rosa Ana Prada Queipo secretaria da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

Secretario: Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Constitúe o obxecto da presente reunión proceder ao exame da documentación aportada pola empresa clasificada en primeiro lugar no procedemento arriba indicado, ao obxecto de comprobar que a mesma cumpre cos requisitos necesarios para propoñer ao órgano de contratación a adxudicación da devandita obra.

Con data 9 de marzo de 2017 a Xunta de Goberno Local aprobou a clasificación de ofertas e requirir a presentación do correspondente aval e demais documentación, como paso previo e necesario, para adxudicar a devandita obra.

Dito acordo foille notificado a todos os licitadores, que tomaron parte no procedemento aberto de contratación.

Con data 22 de marzo de 2017 a empresa clasificada en primeiro lugar, Obras y Viales de Galicia SL (OVIGA SL), presentou no rexistro xeral do Concello (rexistro de entrada nº. 000/2759) a documentación requirida para proceder a adxudicación definitiva.

A mesa de contratación analizada a documentación presentada polo clasificado en primeiro lugar, considera que cumpre cos requisitos (constitución de aval, pago de anuncios, solvencia económica e técnica, etc.) necesarios para que lle sexa adxudicada a devandita obra.

Á vista da documentación presentada a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes,

ACORDA:

Trasladar ó órgano de contratación a proposta de adxudicación das obras de "**accesibilidade universal en edificios públicos, 1ª fase**" á empresa Obras y Viales de Galicia SL, con CIF B-15608193, nas condicións establecidas no acordo de clasificación de ofertas e no resto de condicións ofertadas pola empresa licitadora.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as dez horas e trinta e sete minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.